

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021 como persoal funcionario de carreira da escala técnica de publicacións do Corpo superior do Parlamento de Galicia.

Mediante un acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021 anúnciase o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, e apróbanse as bases reguladoras (BOPG núm. 163, do 30 de xuño de 2021).

O tribunal cualificador, na súa sesión do 21 de outubro de 2022, acordou publicar a proposta definitiva das persoas seleccionadas coas cualificacións obtidas en cada unha das fases do proceso selectivo e propoñerlle á Mesa do Parlamento a finalización do proceso selectivo e o nomeamento de Cristian Pernas Rubal e María del Mar López González como persoal funcionario de carreira, da escala técnica de publicacións, do corpo superior do Parlamento de Galicia.



Xa que logo, en cumprimento do artigo 7.2 das bases do antedito procedemento, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Finalizar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, e aprobar o seu resultado a favor de Cristian Pernas Rubal e María del Mar López González como persoal funcionario de carreira, da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia.

2º. Notificarlle este acordo a Cristian Pernas Rubal e a María del Mar López González, que, de conformidade coa base 8.1, disporán dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para presentaren a documentación prevista na citada base.

3º. Constituír unha lista de espera para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino, e dado que en tal lista se integran as persoas que superen, cando menos, os dous primeiros exercicios, declarar que, ademais da persoa que superou os tres exercicios sen obter o nomeamento como persoal funcionario de carreira, formarán parte da listaxe de substitucións as persoas que superaron os dous primeiros exercicios, con expresión da suma da puntuación acadada neles.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

5º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para a súa execución.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2022

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

